

---

## Política e Obxectivos de Calidade da Facultade de Comercio

---

A política de calidade do centro deriva da importancia que ten consolidar unha cultura de calidade no ámbito universitario, da súa consideración como un factor determinante para conseguir a satisfacción das expectativas formativas das súas egresadas e egresados e o seu recoñecemento nos ámbitos académicos, profesionais e sociais nos que se integran.

Para iso existe o compromiso de empregar todos os recursos humanos e materiais dispoñibles dentro do cumprimento da normativa vixente e en coherencia cos criterios e coas directrices establecidos. Así establécense as seguintes liñas xerais que constitúen a política de calidade do centro:

A política de calidade da Facultade de Comercio concede moita importancia á satisfacción de tódolos membros que compoñen o centro. Por iso, a política de calidade diríxese principalmente a acadar o cumprimento das expectativas formativas das súas egresadas e egresados e o seu recoñecemento nos ámbitos académicos, profesionais e sociais. Tamén busca satisfacer as demandas do profesorado no que respecta á xestión mais eficaz dos procedementos vinculados coa calidade. Para iso existe o compromiso de empregar todos os recursos humanos e materiais dispoñibles dentro do cumprimento da normativa vixente e en coherencia cos criterios e coas directrices establecidos. Así establécense as seguintes liñas xerais que constitúen a política de calidade do centro:

- Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas súas titulacións, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión.
- Alcanzar o recoñecemento a nivel nacional e internacional da calidade docente a través da consecución das metas asociadas a indicadores académicos con especial relevancia aqueles que se relacionan coa satisfacción dos grupos de interese.
- Facilitar a extensión da cultura da calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e do alumnado, fomentando a eficacia e continuidade dos sistemas e procesos a ela vinculados.
- Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) como de todos os procesos vinculados coa calidade que afectan ao centro e aos seus titulacións.
- Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero para remover os obstáculos que impiden unha igualdade real entre as mulleres e os homes.
- Acadar o desenvolvemento e seguimento tanto do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) como de todos os procesos vinculados coa calidade que afectan ao centro e a súas titulacións.

<b>Eixos estratéxicos</b>	<b>Liña estratéxica</b>	<b>Obxectivos de Calidade</b>	<b>Indicadores</b>	<b>Titulacións</b>
Formación	Desenvolver unha actividade académica e formativa ligada ás necesidades e expectativas da sociedade para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións sen renunciar aos fins da Universidade de Vigo	Realizar un seguimento continuo dos resultados académicos mais relevantes manténdoo baixo alcores apropiados	Taxa de abandono	Grao: 36,76% Mestrado CI 6, 98% Mestrado DP 29,17%
			Taxa de graduación	Grao: 38.76% Mestrado CI: 87,23 Mestrado DP: 83,33
			Taxa de rendemento	Grao: 66% Mestrado CI: 85% Mestrado DP: 90%
Investigación				
Persoas	<i>Desenvolver mecanismos que permitan atender ás necesidades dos grupos de interese e mellorar a súa satisfacción</i>	<i>Mellorar a satisfacción dos grupos de interese</i>	<i>Grao de satisfacción do alumnado</i>	Grao: 3,24 Mestrado CI: 3,83 (presencial); 3,84 (non presencial) Mestrado DP: 3,14

	<i>respecto das actividades desenvolvidas no marco das titulacións e o centro</i>		<i>Grado de satisfacción das persoas tituladas</i>	Grado: 4,67 Mestrado CI: 4,18 (presencial); 4,30 (non presencial) Mestrado DP: 3,63
			<i>Grado de satisfacción do profesorado</i>	Grado: 4,27 Mestrado CI: 4,56 Mestrado DP: 4,76
			<i>Grado de satisfacción do PAS</i>	Grado: non hai datos Mestrado CI: non hai datos Mestrado DP: non hai datos
			<i>Grado de satisfacción coas entidades empregadoras</i>	Grado: 4,30 Mestrado CI: 4,63 Mestrado DP: 4,61
Organización e recursos				
Relación coa sociedade				



## ***Meta curso 2022-2023***

### **Formación**

Puntos febles detectados:

1. Taxas baixas de éxito nalgunhas materias do Grao en Comercio
2. Taxas baixas de rendemento do Grao en Comercio
3. Taxa moi baixa de graduación do Grao en Comercio

Accións de mellora que hai que implantar:

1. Consensuar co profesorado responsable o equilibrio entre os contidos impartidos e a súa validación.
2. Utilizar o PAT para recomendarlle o alumnado a importancia do seguimento das materias a través da asistencia ás clases, as titorías e outras actividades complementarias.
3. Fomentar as habilidades de formación e estudo.

### ***Persoas***

Puntos febles detectados:

1. Orientación académica escasa no PAT
2. Baixa eficacia nos procesos de calidade
3. Dificultades na coordinación das materias
4. Escasa dotación de PAS

Acciones de mellora a implantar:

1. Implicar ao alumnado en el PAT
2. Aumentar a participación de todos os grupos de interese nos procesos de calidade
3. Mellorar a coordinación vertical e horizontal nas materias do Grado en Comercio e do Mestrado de PEMES
4. Solicitar á Universidade de Vigo un reforzo do colectivo PAS

### ***Investigación***

A actividade investigadora do Centro, si se compara o número de sexenios de investigación con quinquenios docentes, é reducida. Recoméndase acadar medidas para incrementar a actividade investigadora posto que é fundamental para situar a Facultade de Comercio como referente no ensino en dirección de empresas.

Tendo en conta o carácter do persoal docente do Centro e da titulación, as tarefas de investigación, en moitos casos, no levan consigo publicacións, o que non significa que o PDI no estea investigando e os resultados poidan ser visibles nos vindeiros sexenios de transferencia.

### ***Organización e recursos***

1. Aumentar a dotación do PAS para os procesos de calidade e mellorar os incentivos a esta participación.
2. Recoméndase potenciar a orientación laboral do estudantado organizando actividades que lles permitan prepararse para a súa futura inserción laboral.
3. Débese mellorar a orientación académica do alumnado.

### ***Relación coa sociedade***

Non hai datos reveladores sobre os empregadores e tampouco hai información sobre os titores das prácticas externas. Esta é unha debilidade que hai que analizar.